

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓNS TERRITORIAIS

6291 *Real decreto 535/2017, do 26 de maio, polo que se modifica o Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes.*

O artigo 17 do Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes, trata sobre o uso dos residuos na fabricación de produtos fertilizantes e establece a necesidade de contar coa «correspondente autorización da autoridade ambiental». A aplicación deste artigo formulou numerosas dúbidas de interpretación, especialmente referidas á posibilidade do uso de residuos inorgánicos como materias primas na elaboración de fertilizantes CE e de fertilizantes inorgánicos do grupo 1 do anexo I do Real decreto 506/2013, do 28 de xuño.

Enténdese con este artigo que, sempre que se vaian utilizar residuos na elaboración dun produto fertilizante, o fabricante (designado de acordo coa definición do artigo 2.46) que realiza operacións de tratamento de residuos debe estar autorizado, segundo establece a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

O artigo 18, no seu número 1, delimita os residuos orgánicos biodegradables que se poden empregar para fabricar fertilizantes orgánicos, fertilizantes órgano-minerais e emendas orgánicas, circunscríbeos aos detallados no anexo IV e establece uns criterios para a súa utilización (anexo V), co que facilita a súa aplicación.

Á vista da experiencia adquirida desde a entrada en vigor do Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, observouse que, a semellanza dos produtos fertilizantes elaborados con residuos orgánicos biodegradables e para garantir a necesaria coordinación e unidade de criterios entre as comunidades autónomas, responsables da concesión das ditas autorizacións, é necesario elaborar unha lista positiva de residuos (ademais dos do anexo IV) susceptibles de seren utilizados na fabricación de fertilizantes.

Igualmente, considérase conveniente establecer uns criterios que sexan aplicables ao produto final e que garantan a protección da saúde e do ambiente. Tanto a nova lista de «outros residuos» como estes criterios publicaranse como anexos do mencionado Real decreto 506/2013, do 28 de xuño.

Por todo o anteriormente exposto, modifícase a redacción do artigo 17, para clarificar as condicións de utilización de determinados residuos na fabricación de produtos fertilizantes. Inclúese, así mesmo, unha disposición transitoria que cubra todos os posibles casos que tiveron lugar ata a publicación tanto desta modificación como da lista dos outros residuos susceptibles de seren utilizados.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade por suplencia da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, do ministro de Economía, Industria e Competitividade, e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de maio de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes.*

O Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes, queda modificado como segue:

Un. O artigo 17 queda redactado como segue:

«Artigo 17. *Utilización de residuos.*

1. Cando se utilicen como materia prima, aditivo ou reactivo, un ou varios dos residuos incluídos na Lista europea de residuos, recollidos na Decisión 2014/955/UE da Comisión, do 18 de decembro de 2014, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE, sobre a lista de residuos, na fabricación de «fertilizantes CE» ou de produtos fertilizantes recollidos no anexo I deste real decreto, deberase cumprir co establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e, en particular, co establecido nos artigos 27 e 41 relativos ás autorizacións e obrigas de información.

2. Co fin de garantir que se cumpren os requisitos do artigo 4 deste real decreto, só se poderán utilizar:

a) os residuos que se encontren incluídos expresamente na «Lista de residuos orgánicos biodegradables» do anexo IV, conforme o establecido no artigo 18, ou

b) os residuos que se encontren incluídos expresamente na «Lista doutros residuos». Esta nova lista será elaborada e publicada polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente como anexo do presente real decreto. Os produtos fertilizantes constituídos total ou parcialmente por residuos incluídos na «Lista doutros residuos» deberán cumprir, ademais, os criterios aplicables a estes produtos fertilizantes, que elaborará e publicará o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente como anexo do presente real decreto.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria quinta, co seguinte contido:

«Disposición transitoria quinta. *Regularización dos produtos fertilizantes en cuxa composición se inclúan residuos de conformidade co artigo 17.*

1. Ata que se publiquen a «Lista doutros residuos» e os criterios aplicables aos produtos fertilizantes elaborados a partir destes, non se poderán utilizar residuos na fabricación de fertilizantes, nin «fertilizantes CE», nin produtos fertilizantes recollidos no anexo I deste real decreto, salvo os residuos incluídos na «Lista de residuos orgánicos biodegradables» do anexo IV, conforme o establecido no artigo 18.

2. No caso dos produtos fertilizantes en cuxa fabricación se empreguen residuos non incluídos no anexo IV que fosen autorizados pola autoridade ambiental competente con anterioridade á entrada en vigor desta disposición transitoria, o fabricante disporá dun prazo de dezaioito meses a partir da publicación da presente modificación para continuar coa súa fabricación, comercialización e venda, sen prexuízo do cumprimento do establecido no artigo 4 deste real decreto e na Lei 22/2011, do 28 de xullo.

Non obstante o anterior, se dentro do prazo de dezaioito meses mencionado para a fabricación, comercialización e venda, se publicasen a «Lista doutros residuos» e os criterios aplicables aos produtos fertilizantes elaborados con estes residuos, e o residuo utilizado na fabricación do produto fertilizante estivese incluído na dita lista e cumprise cos criterios establecidos, e diso non derivase ningunha modificación nas súas condicións de comercialización ou uso, o citado produto fertilizante poderase seguir comercializando durante un prazo adicional dun ano, prazo en que se actualizarán as autorizacións previstas no artigo 17.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de maio de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN